

| Título | Data sinatura | Importe |
|---|---------------|----------------|
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Trasmiras para o remate das obras da casa da cultura. | 23-8-2010 | 50.000,00 € |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Centro Pen de Escritores de Galicia para a realización conxunta dun programa de actitudes culturais con motivo do Ano do Libro e da Lectura 2010 | 9-8-2010 | 30.000,00 € |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia para a Mostra Internacional de Teatro | 13-7-2010 | 30.000,00 € |
| Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadumia para o equipamento dun centro sociocultural | 28-7-2010 | 65.540,00 € |
| Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e Concello de Verín para financiar a tramitación dun concurso de ideas para levar a cabo a redacción do proxecto do novo centro cultural de Verín | 23-8-2010 | 230.000,00 € |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Bandas de Gaitas, para difusión de imaxes promocionais da cultura galega durante o XX campionato da Liga Galega de Bandas de Gaitas | 2-8-2010 | 22.000,00 € |
| Anexo para o ano 2010 ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización do catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico | 6-6-2010 | 165.585,00 € |
| Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Arquidiocese do Arcebispado de Santiago de Compostela, para apertura ao público do Panteón de Galegos Ilustres | 13-7-2010 | 0,00 € |
| Convenio entre o Instituto de Turismo de España (Turespaña) e a Sociedade da Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) para o desenvolvemento de accións xuntas de márketing dos destinos e produtos turísticos da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2010 | 28-6-2010 | 800.000,00 € |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Asociación Amigos da Música de Salceda de Caselas para a realización conxunta da VI edición do curso internacional Semana Musical de Salceda de Caselas | 12-8-2010 | 30.000,00 € |
| Convenio de colaboración para a promoción da marca turística España Verde, entre o Instituto de Turismo de España (Turespaña) e as comunidades autónomas de Galicia, Cantabria, País Vasco e Principado de Asturias | 24-5-2010 | 0,00 € |
| Convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para fomentar a produción, distribución e promoción da industria cinematográfica e audiovisual en lingua cooficial distinta ao castelán | 31-8-2010 | 2.826.865,69 € |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a realización conxunta dun programa cultural musical | 8-7-2010 | 50.000,00 € |
| Convenio de colaboración entre o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para a colaboración en actividades formativas relacionadas coa comercialización de contidos audiovisuais durante o ano 2010 | 25-8-2010 | 60.000,00 € |

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os novos certificados de profesionalidade asociados ao Catálogo nacional de cualificacións profe-

sionais, establece no artigo 5.5º c) que en todos e cada un dos módulos formativos que conformen os novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 se determinarán os criterios de acceso dos alumnos, que asegurarán que estes contan coas competencias clave suficientes para cursar con aproveitamento a formación.

Para regular o procedemento de probas na Comunidade Autónoma de Galicia aprobouse a Orde do 26 de novembro, que regula as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego.

Nesta orde establécese que a Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través do Instituto Galego das Cualificacións, convocará, polo menos unha vez ao ano, probas de avaliación en competencias clave.

De conformidade co exposto, a través desta disposición, procede agora convocar un novo proceso de probas de avaliación para facilitar que as persoas poidan acreditar as competencias clave que se requiren para acceder aos cursos dos novos certificados de profesionalidade.

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta resolución é convocar probas de avaliación en competencias clave para o acceso aos cursos dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Competencias clave que se convocan.

1. Convócanse probas nos dous niveis, 2 e 3, nas seguintes competencias clave:

- Comunicación en lingua galega.
- Comunicación en lingua castelá.
- Comunicación en linguas estranxeiras (inglés).
- Competencia matemática.
- Competencias en ciencia.
- Competencia en tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Competencias sociais (xeografía).
- Competencias sociais (historia).

Artigo 3º.-Solicitude para participar nas probas de avaliación en competencias clave.

1. A participación nestas probas deberá formalizarse presentando solicitude dirixida ao Instituto Galego das Cualificacións.

2. A dita solicitude presentarase xuntando o modelo que figura no anexo 1 (de acordo co recollido no artigo 8 da Orde do 26 de novembro de 2009), e o modelo complementario recollido no anexo 1.1 que figura nesta resolución.

3. A solicitude poderá presentarse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG ata o día 30 de novembro, no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, no rexistro xeral da Xunta de

San Caetano (ambos en Santiago de Compostela), así como por calquera das formas establecidas polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-Documentación.

As persoas aspirantes deberán xuntar a súa solicitude de inscrición:

a) **Fotocopia do documento nacional de identidade**, ou número de identificación de estranxeiro ou do pasaporte. A presentación da fotocopia do DNI ou NIE non será precisa se a persoa solicitante dá o seu consentimento para que se consulten os datos relativos aos citados documentos, de conformidade co previsto na Orde do 7 de xullo de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, no que respecta á verificación de datos de identidade e residencia.

b) De ser o caso, **certificado acreditativo de minusvalidez en vigor**, para as persoas aspirantes con algunha minusvalidez que soliciten algún tipo de adaptación posible de tempo e medios para a realización da proba. Non será necesario presentalo no suposto de minusvalidez recoñecida polo órgano competente desta comunidade autónoma.

Artigo 5º.-Relación provisional e definitiva de persoas inscritas admitidas e excluídas.

1. A relación provisional das persoas inscritas nas probas que fosen admitidas e, se é o caso, as excluídas, con indicación das causas de exclusión, será publicada polo Instituto Galego das Cualificacións na páxina web <http://traballoebenestar.xunta.es/>, e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas datas indicadas no calendario que figura no anexo 2.

2. As persoas inscritas poderán formular contra esta relación provisional de admitidos e excluídos as oportunas alegacións, que se dirixirán ao Instituto Galego das Cualificacións no prazo de tres días hábiles.

3. A relación definitiva de persoas solicitantes admitidas e excluídas será publicada na páxina web <http://traballoebenestar.xunta.es/>, e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas datas indicadas no calendario que figura no anexo 2.

Artigo 6º.-Realización das probas de avaliación en competencias clave.

1. As probas de avaliación en competencias clave terán lugar nas datas indicadas no calendario da convocatoria que se inclúe no anexo 2, que será exposto na páxina web <http://traballoebenestar.xunta.es/> e nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

2. O candidato realizará unha proba por cada unha das competencias clave convocadas nas cales se inscribise. A duración da proba en cada competencia clave é dunha hora. A realización de cada unha das

probas de avaliación seguirá a orde e o horario que se indica no anexo 2 desta resolución.

3. As probas terán lugar no recinto feiral de Silleda, en Silleda (Pontevedra).

4. Para a realización das probas as persoas aspirantes deberán ir provistas do documento nacional de identidade, do número de identificación de estranxeiros ou do pasaporte, así como de materiais de escritura.

5. As persoas participantes nas probas terán cuberto o risco de accidente derivado da asistencia a estas.

Artigo 7º.-Comisións de avaliación.

1. O/a director/a xeral de Formación e Colocación, por proposta do/a director/a do Instituto Galego das Cualificacións, nomeará dúas comisións de avaliación para as probas de competencia clave de nivel 2 e unha comisión de avaliación para as probas de competencia clave de nivel 3, que terán como sede o Instituto Galego das Cualificacións (rúa San Lázaro s/n, 15781, Santiago de Compostela).

2. De acordo co previsto no artigo 7.3º da Orde do 26 de novembro de 2009, pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave, á vista do número de persoas aspirantes poderase ampliar o número de comisións de avaliación. Así mesmo, poderanse incorporar ás comisións de avaliación o número de vixilantes e correctores que se considere preciso.

3. De conformidade co disposto no artigo 10.5º da Orde do 26 de novembro de 2009, pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave, no caso de nomear correctores/as, estes formarán parte das comisións de avaliación para a realización das probas.

Artigo 8º.-Resultados das probas.

Os resultados das probas de avaliación estarán accesibles para as persoas que as realizaron de forma confidencial, desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar nas datas indicadas no calendario que figura no anexo 2.

Artigo 9º.-Reclamación contra as cualificacións.

1. Contra a cualificación obtida poderá presentarse reclamación dirixida ao presidente ou presidenta da comisión, no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións, no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, no rexistro xeral da Xunta de San Caetano (ambos en Santiago de Compostela), así como por calquera das formas establecidas polo artigo 38 de a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2010.

Ana Mª Díaz López
 Directora xeral de Formación e Colocación

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Solicitud de inserción en probas de competencias clave
Acceso á formación de certificado de profesionalidade



Datos persoais

Nome.....

1º apelido..... 2º apelido.....

| | | | | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|--|-------|--|---------|
| | | | | | | | | Letra | | DNI/NIE |
|--|--|--|--|--|--|--|--|-------|--|---------|

Data de nacemento..... Idade..... Sexo: Home Muller

Enderezo.....

Localidade.....CP.....

Teléfonos...../.....

Correo electrónico.....

Nivel educativo

Nivel máximo de estudos finalizados con titulación

Se agora está estudando, indique que estudos realiza

Competencias clave das cales solicita facer proba (marque cun x o recadro ou recadros correspondentes):

NIVEL 2

Comunicación en lingua galega

Comunicación en lingua castelá

Comunicación en lingua estranxeira - inglés

Competencia matemática

Competencia en ciencia

Competencia en tecnoloxía

Competencia dixital

Competencia social-xeografía

Competencia social-historia

NIVEL 3

| | | |
|--------------------------|---|--------------------------|
| <input type="checkbox"/> | Comunicación en lingua galega | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Comunicación en lingua castelá | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Comunicación en lingua estranxeira-inglés | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Competencia matemática | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Competencia en ciencia | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Competencia en tecnoloxía | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Competencia dixital | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Competencia social-xeografía | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> | Competencia social-historia | <input type="checkbox"/> |

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

Data de entrega da solicitude

Sinatura do/a solicitante

Observacións:

.....

.....

.....

Instituto Galego das Cualificacións, edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela



XACOBEO 2010
Galicia

ANEXO 1.1



| | | |
|---|----------------------|--|
| Discapitado | <input type="text"/> | Porcentaxe <input type="text"/> , <input type="text"/> % |
| Tipo de adaptación que solicita: | | |
| Ampliación do tempo | <input type="text"/> | |
| Ampliación da letra | <input type="text"/> | |
| Instrucións por escrito | <input type="text"/> | |
| Intérprete de signos | <input type="text"/> | |
| Outra adaptación: (especificar no recadro) | <input type="text"/> | |
| Certificado acreditativo de minusvalidez | SI | NON |

| | | |
|--|---|---|
| <p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.</i></p> | <p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p> | <p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>_____</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>____/____/____</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>____/____/____</p> <p>DATA DE SAÍDA</p> <p>____/____/____</p> |
| <p>NOTA: os datos persoais recollidos neste impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (Orde do 12 de decembro de 2007; DOG nº 250), no uso das funcións propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias. Poderase dirixir a calquera órgano desta para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE do 14 de decembro).</p> | | |
| Fágome responsable da veracidade dos datos recollidos nesta solicitude | | |
| SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA | | |
| _____, de _____ de 2010. | | |

Instituto Galego das Cualificacións, edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela



ANEXO 2
Calendario das probas

| Prazos | Datas |
|------------------------------------|---------------------------------------|
| Prazo presentación solicitudes | 30 de novembro de 2010 |
| Lista provisional de admitidos | 18 de decembro de 2010 |
| Presentación de alegacións | 20, 21 e 22 de decembro de 2010 |
| Lista definitiva de admitidos | 5 xaneiro de 2011 |
| REALIZACIÓN DAS PROBAS | |
| Competencias clave de nivel 2 | 14 e 15 de xaneiro de 2011 |
| Competencias clave de nivel 3 | 21 e 22 de xaneiro de 2011 |
| Resultados provisionais das probas | 29 de xaneiro de 2011 |
| Presentación de reclamacións | 31 xaneiro, 1 e 2 de febreiro de 2011 |
| Resultados definitivos das probas | 12 febreiro de 2011 |

Horario das probas

Todos os candidatos deberán presentarse media hora antes do inicio das probas en cada competencia clave para seren chamados por orde alfabética

| Competencia clave | Día | | Hora |
|---------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|--------------------------|
| | Nivel 2 Días 14 e 15 de xaneiro | Nivel 3 Días 21 e 22 de xaneiro | |
| Ciencia | Venres tarde | | Das 17.00 ás 18.00 horas |
| Tecnoloxía | Venres tarde | | Das 18.30 ás 19.30 horas |
| Dixital | Venres tarde | | Das 20.00 ás 21.00 horas |
| Matemáticas | Sábado mañá | | Das 10.00 ás 11.00 horas |
| Lingua castelá | Sábado mañá | | Das 11.30 ás 12.30 horas |
| Lingua galega | Sábado mañá | | Das 13.00 ás 14.00 horas |
| Lingua estranxeira | Sábado tarde | | Das 17.00 ás 18.00 horas |
| Sociais (xeografía) | Sábado tarde | | Das 18.30 ás 19.30 horas |
| Sociais (historia) | Sábado tarde | | Das 20.00 ás 21.00 horas |